



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



### REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).

**CERTIFICO:** Que a Alcaldesa con data trinta e un de marzo de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 119 / 2015 **Data decreto:** 31/03/2015 **Descrición decreto:** Nomeamento persoal laboral temporal xerocultor/auxiliar de xeriatria para Residencia de persoas maiores e Centro de día de Boimorto.

### DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )

Vista a baixa por IT da xerocultora/auxiliar de xeriatria Jessica Vázquez Pérez.

Vistos os movementos de bolsa de traballo de persoal laboral temporal praza de xerocultor/auxiliar de xeriatria por decreto nº 49/2012 de data 07/03/2012.

Tendo en conta a chamada telefónica realizada ás persoas que se relacionan a continuación, que forman parte desta bolsa de contratación, onde manifestan que están traballando e polo tanto rexeitan este posto de traballo, que acreditará mediante a documentación oportuna para manter o mesmo posto na lista conforme o disposto na base 9 e 10 da convocatoria para formación de bolsa de traballo de persoal laboral temporal da residencia para persoas maiores e centro de día de Boimorto:

Dna. Noelia Pena Garea con DNI 79334059K con entrada nº 656 en data 30/03/2015 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Sonia Gavieiro Pena con DNI 33344672P con entrada nº 657 en data 30/03/2015 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Dna. Mª Esperanza Sanda Barreiro con DNI 78792144D con entrada nº 658 en data 30/03/2015 no que acredita que se atopa traballando polo tanto mantén o mesmo posto na lista.

Esta Alcaldía en uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como xerocultor/auxiliar de xeriatria a Dna. Laura Pérez Sánchez con DNI 78803258Z.

**SEGUNDO.-** Sinalar que a documentación que se esixe á interesada para formalización do contrato relacionada na base oitava xa consta no Concello, como consecuencia da primeira contratación nomeada por Decreto desta Alcaldía 65/2015 de 04/03/2015, presentada por rexistro de entrada co número 445 na mesma data e que comprende os seguintes documentos:

- Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin estar inhabilitada para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro.
- Certificado médico acreditativo da posibilidade de desempeño dos labores propios da praza.
- Currículum actualizado con copia compulsada de todos os títulos.

**TERCEIRO.-** Notificar persoalmente o presente decreto á seleccionada indicada no apartado primeiro, así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 31/03/2015. (Comeza a traballar no turno de noite).

Boimorto trinta e un de marzo de dous mil quince

A Alcaldesa

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en Boimorto a trinta e un de marzo de dous mil quince.

Vº Pr.  
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

